

AS PERÍFRASES VERBAIS

1. Localiza e clasifica as perífrases verbais:

- a) Nalgún momento todos **temos que facer** (modal de obriga) algo que nos custa **dar rematado** (aspectual perfectiva).
- b) Despois de tres intentos, **acabou por sacar** o carné: aspectual terminativa.
- c) Moito **levo estudado** (aspectual reiterativa) para este exame e aínda **vou seguir** (temporal futuridade xeral) ata a noite.
- d) O tren **ha de saír** (temporal de futuridade xeral ou modal hipotética) ás sete, así que **debes recollerme** (modal de obriga) unha hora antes.
- e) Non sei que lle pasou, pero **botouse a correr** (aspectual incoativa) e non parou ata chegar á casa.
- f) Non **deben de entenderse** (modal hipotética) moi ben, pois **levan berrando** (aspectual imperfectiva) toda a tarde.
- g) Onte **houben caer** (temporal futuridade inmediata) na beirarrúa, pero afortunadamente axudoume
- h) Ricardo que **estaba a limpar** (aspectual imperfectiva) os cristais.
- i) Vese moi débil a Saínza, pois **vén de pasar** (aspectual perfectiva) unha semana enferma.
- j) Por fin **dei rematado** (aspectual perfectiva) este libro!
- k) Parece que **quere saír** (temporal futuridade inmediata) o sol, así que **vai poñendo** a roupa no balcón (aspectual imperfectiva).

2. Nas seguintes oracións distingue os complexos verbais das perífrases xustificando a túa resposta. No caso de seren perífrases substitúeas por outras de significado semellante

As perífrases aparecen marcadas en negra e os complexos verbais subliñados.

- a) Aínda **tes que contarnos** (= debes contarnos) o que quixeches facer onte.
- b) “Nisto **veuse vindo** (=foise vindo) a noite / i arrematada a faena, / Martiño, sempre con pena, / **foise indo** (=veuse indo) cara ó lugar” (Curros Enríquez)
- c) Diego non puido seguir o camiño de noite porque levaba rotos os faros do coche.
- d) Raúl sempre puido facer todo canto quixo, pero agora non **ha poder** (=vai poder).
- e) Quería convidarte a vir comigo ao cine.
- f) Xa sei que **levas estudando** (=estiveches estudando) toda a tarde, así que saír un pouco **hache facer** (=vaiche facer) ben.
- g) Xa **levo visto** (=teño visto) tantas veces esa representación que as actrices **chegaron a ser** (=acabaron sendo) como da miña familia.
- h) Se consegues abrir a lata, lévalla a Paco, que el **debe saber** (=pode saber) como preparalo.

- i) Oínvos cantar mentres **estaba varrendo** (=andaba a varrer) a cociña.

3. Completa os enunciados usando unha perífrase do tipo indicado que teña como verbo auxiliado unha forma do infinitivo indicado entre parénteses, como no exemplo:

Existen varias posibilidades; tedes unha delas:

- a) Tes que ler máis e así vas entender mellor.
- b) Cecilia xa volveu sementar neste campo, pero agora, coa xeadá, anda a buscar unha zona mellor.
- c) Custoulles o seu, pero finalmente van rematando o traballo pola mañá.
- d) Xa sei que ti podes facer todo ben se queres.
- e) O pasado luns Santiago deixou de traballar, pero nun mes vai comezar de novo.
- f) Está a chegar o outono. Non sentes que xa comeza a ir fresco?
- g) A mestra rematou por levantar o castigo ao seu alumnado.
- h) Diego andou a xogar toda a tarde e había rematar canso.

4. Transforma as seguintes oracións de xeito que utilices unha perífrase que exprese o mesmo valor que os elementos subliñados.

- a) Daquela Manuel tivo que traballar no campo, pero foi dándose conta de que aquilo non era para el.
- b) Pode chover mañá, pero de todos os xeitos habemos ir á casa de Alba.
- c) Houbo perdelo todo por culpa do xogo. Afortunadamente, a familia volveuno axudar.
- d) Tras moitos meses de tensión, acabou marchando de vacacións e relaxándose.
- e) A empanada está para cocerse e a auga xa quere ferver.
- f) Xan deu en chorar porque non o levamos connosco.
- g) Este exercicio xa o teño feito.